

**Anuncio 10/2010: Subvencións para a contratación de traballadores e traballadoras desempregados/as en colaboración cos órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e institucións sen ánimo de lucro (TR352A).**

O pasado 17 de xaneiro de 2011 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* nº 10, a orde do 30 de decembro de 2010 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración cos órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro e se procede á súa convocatoria para o ano 2011.

A **finalidade** destas axudas é O fomento do emprego, no ámbito da colaboración coas administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro, a través da subvención da contratación de traballadores e traballadoras desempregados/as e de mulleres vítimas de violencia, para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social, coa finalidade de proporcionarlles a experiencia e práctica profesional necesarias para facilitar a súa posterior inserción laboral.

Serán **beneficiarios** desta axuda os organismos autónomos, empresas públicas e outros entes públicos do Estado, organismos autónomos, entes de dereito público, sociedades mercantís, fundacións públicas, universidades e outros entes públicos da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades sen ánimo de lucro.

**Requisitos:**

- 1) Ter personalidade xurídica e capacidade de obrar e, se é o caso, estar debidamente inscritas no correspondente rexistro público.
- 2) Dispoñer de capacidade técnica e de xestión suficientes para a execución dos correspondentes proxectos. A dita capacidade presumirase cando concorran, cando menos, dúas das seguintes circunstancias:
  - Dispoñer dun centro de traballo, entendendo por tal unha oficina ou delegación permanente que poida ser habilitada para o efecto, na Comunidade Autónoma de Galicia, distinta da sede social da entidade cando coincida co domicilio das persoas físicas que outorgasen a escritura de constitución e/ou dirixen a entidade, en propiedade, arrendada ou cedida formalmente a esta.
  - Que dispoñan dun contrato titularidade da entidade solicitante de alta telefónica e de fax no citado local.
  - Que contrataran por conta allea por máis de seis meses algún traballador/a nos últimos tres anos, sen que se poidan computar os contratados, nese período, mediante as axudas e subvencións correspondentes aos programas de cooperación institucionais previstos nesta orde.

Non poderán ser beneficiarias as entidades que estean incursas nalgunha das circunstancias establecidas no artigo 10º.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A **documentación** necesaria para solicitar dita axuda será a seguinte:

- 1. Solicitude normalizada, Anexo I
- 2. Acreditación da persoa que, en nome e representación da entidade, asina a solicitude, mediante a correspondente documentación de apoderamento, resolución, mandato, certificado expedido polo secretario, ou acta, onde se determine a dita representación.
- 3. Autorización, da persoa que actúa en nome e representación da entidade solicitante, á Consellería de Traballo e Benestar para que esta comprobe os seus datos persoais a través do Sistema de Verificación de Datos de Identidade (SVDI) e de Residencia (SVDR) do Ministerio de Administracións Públicas, segundo o establecido na Orde do 7 de xullo de 2009, da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pola que se desenvolve o Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se suprime a achega de fotocopias dos documentos acreditativos da identidade nos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos na Administración da comunidade autónoma, no modelo que se publica



**REDE DE  
TÉCNICOS  
DE EMPREGO  
DE GALICIA**

como anexo IX. No caso de non prestar a súa autorización, presentárase unha fotocopia compulsada do documento acreditativo da identidade do solicitante.

- 4. Copia compulsada ou cotexada da tarxeta de identificación fiscal da entidade solicitante.
- 5. Copia compulsada ou cotexada da escritura pública e/ou dos estatutos de constitución vixentes da entidade solicitante nos cales resulte acreditada a ausencia de ánimo de lucro, para os supostos en que tivese esa natureza.
- 6. Ficha de transferencia bancaria, debidamente asinada polo representante da entidade solicitante e da entidade bancaria no modelo que se publica como anexo VI, ou certificado bancario debidamente emitido pola entidade financeira.
- 7. Unha declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes, por duplicado exemplar, no modelo que se publica como anexo VII.
- 8. Declaración responsable de cumprimento dos requisitos establecidos para obter a condición de entidade beneficiaria, segundo o disposto no artigo 10º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no modelo que se publica como anexo VIII.
- 9. Certificación do secretario da entidade na que se acredite o cumprimento dos requisitos previstos no número 2 do artigo 3º desta orde relativos á súa capacidade técnica e de xestión, no modelo que se publica como anexo X.
- 10. Contratación de persoas traballadores desempregadas :
  - 10.1. Memoria global das obras ou servizos que se van realizar, no modelo que se publica como anexo II , acompañada do proxecto e planos cando o tipo de obra así o esixa.
  - 10.2. Certificación do secretario da entidade na cal consten os custos salariais dos traballadores que se pretenden contratar, ordenados por prioridade de ocupación, para a realización do proxecto para o que se solicita a subvención, axustándose ao modelo que se publica como anexo III. Farase referencia expresa ao convenio colectivo que sexa de aplicación, e xuntaranse as táboas salariais vixentes ao momento da solicitude.
  - 10.3. Certificación do secretario da entidade na cal se constate o nivel de inserción laboral dos participantes en exercicios anteriores a que se refire o artigo 13º.1 b), no modelo que se publica como anexo XI.

O prazo de presentación de solicitudes será ata o **17 de febreiro de 2011**, e no caso de contratación de mulleres vítimas de violencia ata o **15 de novembro de 2011**.

Neste ámbito, como axente de emprego e desenvolvemento local do concello estou á súa enteira disposición nas oficinas municipais para atender a calquera dúbida ou consulta que lle poida xurdir e proporcionarlle a colaboración necesaria na tramitación das solicitudes que poida presentar ó abeiro desta orde.

Castrelo de Miño, 19 de xaneiro de 2011  
A axente de emprego e desenvolvemento local

  
Mª Dolores Vázquez Araújo  
CASTRELO DE MIÑO